



Plan de actuación nas visitas zoonosanitarias das explotacións de gando vacún leiteiro para avaliar o cumprimento dos requisitos sanitarios establecidos no anexo III do RD 346/2025

Nas seguintes liñas expoñemos de forma sinxela un plan para avaliar os requisitos sanitarios mínimos das explotacións de vacún leiteiro segundo o anexo III do RD 346/2025, tendo en conta que esta valoración deberá adaptarse ao tipo, tamaño e características propias de cada granxa.

José Antonio Fernández García

Doutor veterinario

Vogal do Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo
Veterinario da Cooperativa Aira

O Real Decreto 346/2025 aplicase en todas as explotacións de gando vacún leiteiro excepto nas de autoconsumo, en certames gandeiros e nas explotacións de menos de vinte animais de produción láctea.

No artigo 3 do devandito Real Decreto (RD) establécese a responsabilidade do titular da explotación: velar pola saúde dos animais, cumprir os requisitos sanitarios conforme ao anexo III do RD 346/2025, velar que a explotación reciba as visitas zoonosanitarias realizadas polo veterinario,

facilitarlle ao veterinario que realiza as devanditas visitas a información necesaria sobre a situación epidemiolóxica da súa explotación, así como o acceso á plataforma Presvet, e comunicarlle á autoridade competente as deficiencias postas de manifesto nas visitas zoonosanitarias.

No artigo 4 establécese o contido e frecuencia das visitas zoonosanitarias. O profesional veterinario ten a obriga de avaliar aspectos de sanidade, hixiene, bioseguridade, manejo, benestar, uso de medicamentos, condicións ambientais e dos aloxa-

mentos para os animais, así como aspectos relacionados coa vixilancia epizootiolóxica e a prevención de enfermidades.

O veterinario realizará un informe dos achados da visita. Se hai algunha deficiencia ou posible mellora das condicións da explotación, emitirá as recomendacións e asesorará o titular da explotación, nas cales se terá en conta o estado sanitario e de benestar dos animais, para emendar as deficiencias que observe ou para reducir a necesidade de uso de determinados antibióticos.



A autoridade competente (AC) determinará o nivel de risco para cada explotación gandeira ou grupos de explotacións gandeiras, o risco zoonosanitario revisarase pola AC coa periodicidade que se determine no marco do comité RASVE.

A frecuencia das visitas pode ser reavaliada pola AC en función das deficiencias detectadas nas visitas e as modificacións realizadas nas explotacións.

O artigo 5 expón o resultado das visitas zoonosanitarias. O profesional veterinario que realiza as visitas debe emitir un informe, en formato dixital ou papel, no que se inclúan os resultados das visitas, así como os puntos de mellora que se deben implantar antes da seguinte visita.

Os informes resultantes das citadas vistas conterán os datos identificativos da explotación, así como os do profesional veterinario que as realizou, incluíndo número de colexiación, e deberán estar asinados tanto polo titular da explotación como polo devandito profesional

Táboa 1. A frecuencia das visitas establécese en función do risco zoonosanitario

RISCO	FRECUENCIA
Moi alto	1 vez cada 3 meses
Alto	1 vez cada 6 meses
Medio	1 vez cada 12 meses
Baixo	1 vez cada 18 meses
Moi baixo	A determinar pola autoridade competente

▶ AS VISITAS ZOOSANITARIAS, ASÍ COMA OS OBXECTIVOS A AVALIAR E A EMISIÓN DOS INFORMES CORRESPONDENTES, SON DE OBRIGADO CUMPRIMENTO, E TERÁN QUE SER REALIZADAS POR UN PROFESIONAL VETERINARIO, TEÑA OU NON A CONDICIÓN DE VETERINARIO DE EXPLOTACIÓN

veterinario, incluíndo a data do día de realización.

No artigo 7 establécese a voluntariedade do veterinario de explotación.

Pero, en calquera caso, as visitas zoonosanitarias, así como os obxecti-

vos a avaliar e a emisión dos informes correspondentes, son de obrigado cumprimento, e terán que ser realizadas por un profesional veterinario, teña ou non a condición de veterinario de explotación. ▶



GRAN CALIDAD,
ALTO RENDIMIENTO



MILLARES TORRÓN SL

Distribuidoras de arena, cal, serrín, paja, etc

Distribuidoras para camas avícolas modelo FS200

Distribuidoras manuales de camas

Disponemos de **enganche** para cualquier tipo de manipuladora telescópica, pala o tercer punto a tractor.

PÍDENOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO

www.millarestorron.com

Carretera de Santiago Km. 5 Lugo
982 221 966
correo@millarestorron.com

A AC poderá esixir, á vista dos resultados da visita zoonosanitaria, que se elabore nun determinado prazo, un plan de benestar animal específico para a explotación (artigo 5, apartado 5).

Imos expor, de forma sinxela e sen entrar en detalles, un plan para avaliar os requisitos sanitarios mínimos das explotacións de vacún leiteiro segundo o anexo III do RD 346/2025. Evidentemente, esta avaliación deberá adaptarse ao tipo, tamaño e características propias de cada explotación.

1. MEDIDAS DE HIXIENE E BIOSEGURIDADE

Medidas en relación ao acceso de vehículos

- a) Os vehículos utilizados no transporte dos animais deben estar limpos e desinfectados.
- b) Rexistro actualizado de entrada de vehículos e persoas, sobre todo dos veterinarios (**libro de visitas**).

Medidas en relación ao acceso de animais á granxa

- a) A explotación debe ter medios adecuados para evitar a entrada de animais alleos á granxa.
- b) En caso de compra de animais débese realizar análíticas previas de IBR, BVD, paratuberculose, e de mostras de leite para detectar patóxenos contaxiosos, antes de incorporalos á explotación.
- c) A explotación debe dispor dunha zona de corentena ou un espazo adecuado para a inspección dos animais adquiridos e para proceder á toma de mostras para as análíticas pertinentes que non se puidesen facer en orixe e o seu illamento do resto dos animais da granxa durante un período de tempo prudente. O espazo de corentena debería estar separado do resto das instalacións e ter un manexo diferenciado, de xeito que se preveña a transmisión de patóxenos.
- d) Débese limpar e desinfectar o local despois da saída dos animais alí confinados.

Medidas en relación co persoal da granxa

- a) Débese restrinxir o acceso a persoas alleas á explotación.
- b) O persoal debe utilizar roupa e calzado exclusivo para o traballo na granxa.



O número de puntos ou de superficie dispoñible para a alimentación e bebida deben ser suficientes para permitir o acceso de todos os animais

- c) A granxa debe ter dispoñibilidade de medios adecuados para o lavado de mans e botas.
- d) As visitas non deben acceder á área de alimentación.

Medidas en relación co control da alimentación

- a) As operacións de descarga de pensos na granxa realízanse minimizando o risco sanitario, ambiental e o impacto negativo no benestar animal.
- b) Os sistemas de almacenamento de pensos deben estar deseñados para evitar a contaminación e a deterioración deste, así como evitar o acceso de animais; débese comprobar periodicamente a ausencia de infestación por pragas e, se é necesario, débese aplicar un plan de loita apropiado.
- c) O deseño e construción dos sistemas e equipos de subministración de alimentos e bebida deben permitir reducir o risco de contaminación.
- d) O número de puntos ou de superficie dispoñible para a alimentación e bebida deben ser suficientes para permitir o acceso de todos os animais, e deben atoparse en boas condicións hixiénico-sanitarias.

Medidas en relación co control da subministración e calidade da auga

- a) A auga de bebida e de limpeza debe ter a calidade adecuada.
- b) A auga que beben os animais, no caso de que non proceder da rede municipal, debe ser sometida aos controis de calidade anualmente como mínimo e, se é necesario, aplicar tratamento de potabilización.

Medidas de manexo sanitario

- a) Os espazos das distintas zonas da granxa deben estar ben dimensionados e deseñados para evitar o amoreamento e a contaminación entre estes.
- b) A explotación debe dispor dun espazo para illar animais enfermos, así como realizar a súa limpeza e desinfección tras a súa desocupación.
- c) A granxa debe dispor de sistemas de manexo e suxeición adecuados e seguros para os animais e persoal que os manexe.
- d) Deberase realizar, polo menos unha vez ao día, unha revisión do estado sanitario dos animais.
- e) Na granxa débese evitar a entrada de cans, gatos, aves...
- f) Débense limpar e desinfectar adecuadamente os aloxamentos da recría despois da saída dos animais.
- g) Hai que evitar que a recría teña contacto coas feces dos animais adultos.
- h) Hai que utilizar utensilios diferentes para manexar o esterco e os alimentos.
- i) Ausencia de prácticas traumáticas aos animais. En caso de realizar descornado, facelo de acordo coa normativa vixente.

Revisión periódica das instalacións en relación coa sanidade e o benestar animal

- a) O gando ao aire libre debe dispor dunha zona para protexerse das inclemencias do tempo.
- b) A ventilación natural ou artificial do establo debe ser suficiente para evitar a concentración de malos cheiros, gases e humidade. ►►

SEGURO 2024

Seguro de

V

Incluye saneamiento ganadero.

Asegure la calidad de su leche
(células somáticas, aflatoxinas...).

A

C

U

N

O

Reproducción
y producción

agroseguro



PARA SUSCRIBIR SU SEGURO, DIRÍJASE A: • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS • AGROPELAYO SOCIEDAD DE SEGUROS S.A. • SEGUROS GENERALES RURAL • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • OCCIDENT • HELVETIA CÍA SUIZA, S.A. • CAJAMAR SEGUROS GENERALES S.A. • MUTUA ARROCERA, MUTUA DE SEGUROS • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • SANTA LUCÍA S.A. CÍA DE SEGUROS • REALE SEGUROS GENERALES • AXA SEGUROS GENERALES • MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.



- c) A temperatura ambiental e a iluminación dos diferentes espazos da granxa deben ser adecuados para os diferentes grupos de animais, sen escuridade permanente nin iluminación artificial sen interrupción.
- d) O deseño e a construción das instalacións deben ofrecer unhas condicións adecuadas de confort ambiental para os animais que minime o estrés térmico.
- e) Os materiais construtivos das instalacións ten que ser adecuados para a súa limpeza e desinfección.
- f) O estado de limpeza e conservación de todas as instalacións debe ser adecuado.
- g) Hai que evitar que o esterco entre en contacto cos alimentos.
- h) Dispor dunha zona adecuada para partos, que se debe limpar e desinfectar adecuadamente.
- i) A explotación debe contar cos sistemas necesarios para un manexo axeitado e seguro dos animais (mangas, cornadizas etc.) que ofrezan a posibilidade de rápida apertura e peche. Estarán deseñados e construídos da forma que permitan a realización das actuacións sanitarias ou calquera outra actividade que requira o manexo ou a inspección dos animais, coas debidas garantías de seguridade tanto para eles coma para o persoal que as execute.
- l) As explotacións deben ter materiais de limpeza e manexo, roupa e calzado de uso exclusivo da explotación.

Medidas de desinfección, desinsectación e desratización

- a) A explotación debe dispor dun plan de limpeza e desinfección.
- b) A explotación debe dispor dun programa de desinsectación.
- c) A explotación debe dispor dun programa de desratización.

Medidas de recollida e almacenamento de cadáveres e outros subprodutos de orixe animal

- a) A granxa debe dispor dun lugar onde depositar cadáveres, afastado dos establos e das áreas de maior risco como a maternidade, zona de xatos etc.
- b) A devandita zona é de fácil limpeza e de fácil acceso ao camión de recollida.



A ventilación natural ou artificial do establo debe ser suficiente para evitar a concentración de malos cheiros, gases e humidades

Medidas de almacenamento de medicamentos, biocidas etc.

- a) A explotación debe dispor dunha zona ou local específico pechado, seguro e sinalizado, con boas condicións de temperatura e humidade para a correcta conservación dos medicamentos.
- b) Debe dispor dun lugar adecuado e sinalizado para gardar biocidas e produtos de limpeza.

2. VIXILANCIA E CONTROL DE PARASITOS E PROGRAMAS DE VACINACIÓN

É conveniente desparasitar periodicamente ao gando vacún, con especial importancia as xovencas xa que están en período de crecemento e desenvolvemento, unha elevada carga parasitaria vai reducir a súa futura potencialidade produtiva.

A importancia da desparasitación do gando non só afecta á mellora da saúde animal, tamén contribúe a evitar posibles transmisións de enfermidades parasitarias ao persoal que traballa na granxa.

No tratamento antiparasitario é moi importante a dose aplicada, a subdosificación reduce a eficacia do fármaco e favorece a aparición de resistencias.

Para aplicar o produto antiparasitario máis adecuado debemos tomar mostras de feces que sexan representativas do rabaño, a poder ser dos diferentes grupos de idade ou estados produtivos (vacas en lactación, vacas secas, xovencas etc.), faise un

pool de feces de 3-5 animais por grupo. No caso de animais enfermos con sospeita de infestación tómanse mostras individuais.

A toma de mostras de feces faise sempre antes de aplicar o produto antiparasitario, cunha periodicidade semestral (2 tomas de mostra ao ano), as mostras cóllense directamente do recto, refrixéranse e envíanse o máis pronto posible ao laboratorio.

O resultado da coproloxía indicaranos o xénero ou especie parasitaria e unha estimación da carga parasitaria, o cal será indicativo para elixir o antiparasitario máis específico e económico.

En todos os casos de desparasitación débese seguir a pauta de dosificación e días de aplicación indicado na receita veterinaria.

En canto aos programas de vacinación segundo sexan os resultados das análíticas efectuadas e/ou as patoloxías diagnosticadas, poderase establecer un plan de vacinación para os seguintes casos:

- Plan de vacinación fronte ás diarreas neonatais
- Plan de vacinación fronte ao IBR
- Plan de vacinación fronte ao BVD
- Plan de vacinación fronte á síndrome respiratoria bovina
- Plan de vacinación fronte ás clostridioses/enterotoxemias
- Plan de vacinación fronte ás mamites
- Plan de vacinación fronte a clamidias

- Plan de vacinación fronte á febre Q
- Plan de vacinación fronte ás criptosporidioses
- Plan de vacinación fronte á enfermidade hemorráxica epizootica

3. PROTOCOLO DE VIXILANCIA DO ESTADO SANITARIO DOS ANIMAIS, INCLUÍDO VIXILANCIA PASIVA DAS ENFERMI-DADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA

Débese facer unha revisión visual polo menos unha vez ao día de todos os animais da explotación, observando calquera síntoma ou comportamento anómalo que nos faga sospeitar de que o animal ou animais en cuestión están a sufrir un proceso morboso ou unha situación de malestar.

Nesta observación debemos fixarnos nunha serie de síntomas que puidesen indicar que estamos ante unha enfermidade de declaración obrigatoria en gando vacún. Segundo o anexo I do Regulamento 2020/2002 algunhas das principais enfermidades de notificación obrigatoria en vacún son as seguintes:

- Febre aftosa
- Lingua azul
- Dermatose nodular contaxiosa
- Peste bovina
- Caruncho bacteridiano
- Perineumonía contaxiosa bovina
- Encefalopatía esponxiforme bovina
- Enfermidade hemorráxica epizootica

É IMPORTANTE LEMBRAR QUE...

Para unha detección precoz e contención rápida da propagación dalgunha desas enfermidades, o titular da explotación deberá comunicarlle ao veterinario de explotación a sospeita de que algún animal presente os síntomas que puidesen ser compatibles con algunha das enfermidades citadas, no caso de que o veterinario de explotación, tras a observación do animal, confirme tal sospeita procederá a comunicarlle aos servizos veterinarios oficiais

4. PROGRAMA DE MOSTRAXE RUTINEIRA FRONTE ÁS ENFERMI-DADES QUE SON DE OBXECTO DE CONTROL NA EXPLOTACIÓN

No caso de que a explotación pertenza a unha ADSG aplicarase o programa de mostraxe de todas as enfermidades tidas en conta no programa sanitario da ADSG.

Se a explotación non está integrada nun programa de ADSG, aplicarase polo menos un programa de mostraxe para o control de IBR.

5. USO RACIONAL DE MEDICAMENTOS VETERINARIOS

a) Valoración do consumo trimestral e habitual de antibióticos

No caso de que o consumo habitual sexa superior ao indicador de referencia nacional, o gandeiro debe poñelo en coñecemento ao veterinario, o cal procederá a avaliar as medidas necesarias e identificar as posibles causas do aumento do consumo de antibióticos e establecer as medidas correctoras e un prazo de execución para lograr o obxectivo da redución no consumo de antibióticos conforme ao establecido no RD 992/2022.

b) Medidas para o almacenamento e conservación de medicamentos veterinarios

Os medicamentos almacénanse en armarios específicos, os cales se manterán pechados verificando que cumpren as condicións de temperatura e humidade adecuadas para a correcta conservación dos medicamentos. Estes deben estar almacenados no seu envase orixinal, non deben gardarse con outros tipos de produtos como insecticidas, raticidas, desinfectantes etc.

Os fármacos ou vacinas que non sexan empregados ou cuxa data de caducidade foi traspasada eliminaranse de acordo co plan de residuos.

c) Plan para a xestión dos residuos de medicamentos veterinarios

Os residuos sanitarios, debidamente separados, almacenaranse en recipientes ríxidos, opacos, **homologados**, resistentes á perforación, de peche hermético que eviten a perda do contido.

A explotación debe dispor dos servizos dun xestor autorizado para recoller os residuos sanitarios para o seu posterior tratamento.

6. PLAN DE CUMPRIMENTO E CONTROL DE HIXIENE DO LEITE

a) Nas explotacións que teñan un programa de control de calidade do leite aplicarase o citado programa neste apartado.

b) As explotacións que non teñan o programa cumpriran os seguintes criterios de hixiene:

Muxido en praza

Nos sistemas de muxidura en praza as condicións hixiénicas e de limpeza das instalacións e os animais debe ser adecuada.



As salas de muxido deben estar construídas de xeito que minimicen o risco de contaminación do leite

▶ SE A EXPLOTACIÓN NON ESTÁ INTEGRADA NUN PROGRAMA DE ADSG, APLICARASE POLO MENOS UN PROGRAMA DE MOSTRAXE PARA O CONTROL DE IBR

Muxido en sala

i) Sala de espera

- Debe ter as dimensións adecuadas para albergar comodamente os animais e evitarlles danos.
- Debe ter as condicións de ventilación e iluminación adecuadas para evitar estrés nos animais.

ii) Sala de muxidura

- Debe estar construída de modo que minimize o risco de contaminación do leite, con paredes revestidas ou con pintura plástica e chans pavimentados con desaugadoiro que favorezan a limpeza e desinfección.
- Debe estar separada adecuadamente do aloxamento dos animais, con suficiente ventilación e iluminación.
- A sala e os equipos de muxidura débense limpar e desinfectar tras cada muxido seguindo un protocolo establecido polo veterinario.
- Os equipos de muxidura deben someterse ás revisións periódicas e cambios de pezas necesarios segundo as especificacións técnicas.

iii) Leitería

- Debe estar protexido contra roedores, insectos etc., e separada dos locais que albergan os animais.
- Debe ter chans e paredes fáciles de limpar, iluminación e aireación adecuada. ▶▶

- A cisterna de almacenamento do leite debe limparse e desinfectarse adecuadamente segundo o protocolo técnico establecido.
- Verificar periodicamente o correcto funcionamento do sistema de refrixeración.

iv) *Rutina de muxido*

1. Debe establecerse unha rutina de muxido de modo hixiénico, garantindo que:

- a) antes de comezar esta operación, os tetos, o ubre e as partes contiguas están limpas.
- b) se controle o leite procedente de cada animal, para detectar as anomalías organolépticas ou fisicoquímicas xa sexa por parte do muxidor ou mediante un método polo que se obteñan resultados parecidos, e que o leite que presente as anomalías non se destina ao consumo humano.
- c) non se destina ao consumo humano o leite de animais que presentan signos clínicos de enfermidade no ubre.
- d) a identificación dos animais sometidos a un tratamento médico que poidan transmitir residuos de medicamentos ao leite, e que o leite que se obteña dos devanditos animais antes de que finalice o prazo de espera non se destinará ao consumo humano.
- e) que unicamente se mollen ou espáren os tetos con produtos autorizados pola AC e de xeito que non transmitan niveis inaceptables de residuos ao leite.
- f) é conveniente almacenar de forma diferenciada os medicamentos que se administran durante a lactación dos que se administran no secado.

2. Inmediatamente despois do muxido, o leite deberá conservarse nun lugar limpo concibido e equipado para evitar calquera contaminación. Deberá arrefriarse inmediatamente a unha temperatura inferior a 8 °C no caso de recollida diaria, e os 6 °C se a recollida non se efectúa acotío.

v) *Hixiene do persoal*

1. As persoas encargadas do muxido e da manipulación do leite cru deberán levar roupa limpa apropiada.

2. As persoas encargadas do muxido deberán manter un elevado grao de limpeza. Preto do lugar onde se efectúe o muxido, deberá disporse dunhas instalacións apropiadas que permitan lavar as mans e os brazos ás persoas encargadas desta operación e da manipulación do leite.

CONCLUSIÓNS

- No derogado RD 364/2023, no artigo 4 establecíase como obriga do veterinario de explotación o deseño, redacción e supervisión do Plan Sanitario Integral (contido no anexo IV do devandito RD), así como a comprobación regular da adecuada implantación do nomeado plan a través das visitas zoosanitarias e emisión das oportunas recomendacións ao titular da explotación para emendar as deficiencias detectadas. En cambio, no novo RD 346/2025 non se establece a obriga de ter un plan sanitario integral para o seu cumprimento, o que se pretende, como responsabilidade do titular da explotación, é o cumprimento dos requisitos sanitarios conforme ao anexo III. Neste caso, son requisitos moi xeralistas, que, na súa maioría, xa están recollidos na lexislación vixente ou ben a través de programas, coma os de control de calidade do leite, ADSG, programas de certificación de benestar animal etc.
- Xa non se parte da obriga de dispor dun plan sanitario que podería causar certo malestar de índole burocrática ao gandeiro. Neste caso, pártese da idea de realizar unhas visitas por parte do veterinario para comprobar ou avaliar que a explotación, á parte de cumprir coa lexislación vixente en materia de sanidade e benestar; está en condicións de ofrecer produtos alimenticios seguros e de calidade ao consumidor.
- A inmensa maioría das explotacións de vacún de leite do noso estado seguro que cumpren sobradamente os mínimos requisitos sanitarios recollidos no anexo III do RD 346/2025, co cal non deberían ter reparos e temores no seu cumprimento. No caso das poucas explotacións que presenten graves deficiencias no seu cumprimento non teñen xustificación no contexto



As persoas encargadas do muxido e da manipulación do leite deberán levar roupa limpa axeitada

actual continuar nesa situación, co cal ou melloran ou deixan de exercer esta nobre profesión. Temos unha sociedade cada vez máis esixente coas condicións en que producimos alimentos para satisfacer as súas necesidades. A iso hai que engadir certos sectores, que, en moitos casos, son grandes descoñecedores do mundo rural e totalmente desligados a el e mostran unha actitude crítica e hostil contra a nosa gandería con argumentos esaxerados e mesmo totalmente falsos.

- É o noso labor contrarrestar as nefastas e enganosas noticias sobre o noso sector con feitos, é dicir, mostrar que temos granxas onde os animais están ben coidados, ben alimentados, ben tratados, en boas condicións hixiénicas e ambientais, e proporcionando alimentos de calidade, de alta seguridade hixiénica e sen ningún tipo de residuos prexudiciais.
- É un traballo que debemos realizar entre todos: gandeiros, veterinarios etc., para asegurar o futuro e prosperidade das nosas ganderías. Esta lexislación, coma o RD 346/2025 e outros, debemos entendela non coma un lastre, senón coma un obxectivo que debemos alcanzar para manter a sostibilidade e prosperidade do noso mundo gandeiro, así como a confianza da nosa sociedade nas producións pecuarias. ■



Bolos para bovinos

Calzogol Bolus

Bolo para reducir el riesgo de hipocalcemia puerperal clínica y subclínica



Ket-o-Vital Bolus

Bolo para reducir el riesgo de cetosis



Phosphogol Bolus

Bolo para evitar la deficiencia de fósforo después del parto



Fertilgol Bolus

Bolo de larga duración que favorece la preparación para el celo y la reproducción



Distribuido por:

